

A ARQUITECTURA DO SÉCULO XX.

A arquitectura do XX naceu dun complexo proceso que abarca toda a primeira metade do século. Hai aínda unha oposición de quen contrapón pasado e presente, unha diferenza entre unha arquitectura de oficio, historicista, que foi a máis prolífica, e outra arquitectura vangardista e minoritaria, que busca novas respostas:

EXPRESIONISMO, rico e utópico (1905-25). Tentando transmitir sentimentos a través das formas arquitectónicas.

ART DECO, que triunfa nos 20, e foi inxustamente considerado como unha versión frívola das conquistas racionalistas.

RACIONALISMO/ FUNCIONALISMO, que será a corrente de maior transcendencia. Busca unha linguaxe non individual, rexida polo principio de que “a función fai a forma” ou “a forma segue á función” ou o que sería o mesmo, o importante é a función que vaia a ter o edificio e despois dásele a forma. (Non é o mesmo un bloque de vivendas, que un centro de saúde, que un estadio de fútbol, etc.). Esta corrente caracterízase polos trazos seguintes:

_ Uso de materiais industriais, especialmente formigón armado (técnica que consiste en inserir cables de aceiro a unha masa de formigón para sumar os esforzos da tensión). É un material barato, adaptable, incombustible e anticorrosivo, que permite novas posibilidades na contraposición carga/soporte, deixa a planta libre e pódese fabricar en serie, cun abaratamento importante dos custos, aínda que conleve perigo dunha monotonía formal.

_ Ás veces alétnase con outros materiais industriais máis nobres –aceiro, cristal- ou con ladrillo.

_ O muro non é portante. Queda reducido a unha lixeira membrana de peche, que se perfora con grandes vans, tanto porque a técnica construtiva permíteo como polo gusto polas grandes ventás que proporcionen á interiores luz e ventilación. Chegarase a revestir todo o muro (muro cortina) de cristal.

_ Os soportes son piares de diferente sección, cun armazón interno de aceiro e recubertos de formigón. As cubertas en xeral son alinteladas, e están formadas por vigas de formigón armado ou ferros do mesmo material, que se apoian directamente nos soportes, cos que forman o esqueleto.

_ Os elementos decorativos desaparecen, a favor dunha homoxeneidade rectilínea e espida.

_ Nalgúns casos, con todo, darase cabida ao uso da cor.

_ No espazo interior, a proporción e os trazados regulares será unha máxima constante nas novas construcións que tentarán conseguir “o máximo aproveitamento no mínimo espazo” ou o que é o mesmo “o maior beneficio social ao menor custo económico”. A distribución dos espazos interiores débese adecuar ás diferentes funcións para as que son deseñados. O punto de referencia será a escala humana, como propón Le Corbusier na súa obra “Modulor” (baséase na figura masculina e utilízase para determinar as proporcións de unidades de construción). Cada edificio debe definirse pola súa función.

_ Os volumes exteriores responden a unha composición ortogonal distinta da tradicional. De novo aquí é o formigón armado o que permite a execución de voladizos, peitorís..., e, sobre todo, baixos libres, voladizos e remates en terrazas horizontais, que definen a nova imaxe.

_ Hai un gran interese polos temas urbanísticos, pois concibe a arquitectura unida á cidade.

_ Os edificios máis representativos que se van facer son: as vivendas sociais, en especial rañaceos de vivendas, construcións industriais, edificios administrativos, teatros, salas de concertos e estadios deportivos.

A expresión individual ten cabida nesta arquitectura, cunha rica pluralidade de mestres, que se enmarcan en dúas correntes básicas: Funcionalista e Orgánica. Non se orixina nun lugar único: supón unha liña de traballo común de diversas persoas en diferentes nacións, é un ESTILO INTERNACIONAL. O seu centro principal constitúeo A BAUHAUS, fundada por W. Gropius en Weimar (Alemaña), como centro pedagóxico e experimental de arquitectura e deseño. Aínda que é finalmente clausurada en Berlín en 1933, exercerá unha enorme influencia que crece ao emigrar os seus compoñentes a outros países de Europa e E.E.U.U.

Ludwig Mies van der Rohe, representante alemán do racionalismo arquitectónico.

A arquitectura de Mies caracterízase pola sinxeleza dos elementos estruturais, pola composición xeométrica e pola ausencia total de elementos ornamentais. Baséase nas proporcións.

O interese polos materiais como elemento expresivo define a súa obra. Emprega a pedra, o mármore, o aceiro, o vidro no seu máis absoluta pureza e traballa co formigón en todas as súas posibilidades, como elemento estrutural e como material de acabado exterior.

A outra achega fundamental provén do ámbito cultural francés, relaciónase coa rama purista do cubismo e está representada por LE CORBUSIER.

LE CORBUSIER. Charles Édouard Jeanneret, (1887 – 1965). De orixe suíza, pero residente en París, é o mellor expoñente do racionalismo. Gran teórico, urbanista. Para el a vivenda é “unha máquina para vivir”, e do mesmo xeito que os grandes tratadistas da Antigüedad ou do Renacemento sentirá unha imperiosa necesidade de establecer proporcións canónicas a partir das medidas humanas que fixen as dimensións estandarizadas de todos os obxectos, pasando naturalmente, pola vivenda.

Estes trazados regulares quedan recollidos na súa obra o “Modulor”, e nela fíxanse as proporcións que permiten construír armónicamente .

ARQUITECTURA ORGANICISTA.

Utiliza materiais e formas naturais e tenta integrar o edificio no medio natural cunha clara tendencia a construír edificios singulares.

F. LLOYD WRIGHT.- Está considerado o mellor arquitecto norteamericano do primeiro cuarto de século e un dos construtores que máis influíron, xunto a Le Corbusier e Grópius na arquitectura do noso tempo, facendo unha arquitectura sobria e austera, limitada ás posibilidades do ferro e o formigón.

En 1920 fai unha viaxe a Xapón que lle influirá notablemente, dando un cambio radical no seu modo de facer, a partir dese momento, fará unha arquitectura adaptada ao ambiente que rodea a construción, funcionalista, un tanto sofisticada e romántica pero de gran beleza (Arquitectura Orgánica).